

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 13 DE AGOSTO DO 2007.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día trece de Agosto de dous mil sete; a unha do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Dona Manuela Iglesias Collarte, Don Anxo Collarte Pérez e Don José Ignacio Gómez Pérez.- Non asiste Don Francisco Xabier Carreira Sebio.-

Está presente a Secretaria-Interventora Dona Carmen Gómez Otero.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudo dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 30 de Xullo do dous mil sete (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

CUALIFICACIÓNS DEFINITIVAS

“Visto o expediente a nome de **Dona Purificación Escudero Gómez en representación da Comunidade de Propietarios**, con domicilio na rúa Santiago, nº11, 3ºA, 32400, Ribadavia, relativo á subvención para actuacións na área de rehabilitación do casco histórico de Ribadavia, no inmovible sito na Rúa Santiago, nº11, 3ºA, desta Vila, A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación á certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Vivenda por importe de 5500 euros, e da Consellería de Vivenda por importe de 5500 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de Colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo”



Concello de Ribadavia

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIUDADÁNS.

INFORME DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.-

“Examinado o expediente promovido por **Don Francisco Martín Moreno, na representación de France Telecom España S.A. (anteriormente Retevisión Móvil S.A.)**, con domicilio no Parque Empresarial La Finca, Paseo Club Deportivo nº 1, Pozuelo de Alarcón, Madrid, en virtude da instancia nº2439 de data 25 de maio de 2006 e nº 1936 de data 16 de abril de 2007, unha vez solicitada licenza para a instalación dunha estación base de telefonía celular da rede DCS 1800, sito no Monte de Santa Cristina, deste termo municipal, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, aprobado polo Decreto 2.414/1961 do 30 de Novembro.

RESULTANDO: que se aporta ó expediente a seguinte documentación: 1. Escrito de Don Francisco Matín Moreno, representante de “France Telecom.. España, S.A.”, e no seu nome, Dº Natalia Cabezas García. 2. Cinco exemplares dun Anexo Técnico titulado “GESTIÓN AMBIENTAL”-

CONSIDERANDO que o aportado corresponde ó sinalado pola Consellería de Medio Ambiente, Expte MA 962 A 2007/000142-3, en escrito de “reparos administrativos”, de fecha de 9 de Maio do 2007, no seu punto 1-

CONSIDERANDO que non se aporta o requerido no seu punto 2:” **Cumprimento do Real Decreto 1066/2001 e da Orde CTE/23/2002 que se refiren ás restriccións ás emisións radioeléctricas e medidas de protección sanitarias fronte ás instalacións radioeléctricas e medidas de protección sanitarias fronte ás instalacións radioeléctricas. Ademais xustificárase o cumprimento do nivel esixido de emisións radioeléctricas. A instalación disporá de autorizacións do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio antes da súa posta en funcionamento**”, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado do expediente completo ó Ministerio de Industria, Turismo e Comercio antes da súa posta en funcionamento.

INFORME DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.-

“Examinado o expediente promovido por **Don Francisco Martín Moreno, na representación de France Telecom España S.A. (anteriormente Retevisión Móvil S.A.)**, con domicilio no Parque Empresarial La Finca, Paseo Club Deportivo nº 1, Pozuelo de Alarcón, Madrid, en virtude da instancia nº2439 de data 25 de maio de 2006 e nº 1936 de data 16 de abril de 2007, solicitando licencia para a instalación dunha estación base de telefonía celular da rede DCS 1800, sito no Monte Alegre, Chaira Salgada., deste termo municipal, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, aprobado polo Decreto 2.414/1961 do 30 de Novembro.-

RESULTANDO: que se aporta ó expediente a seguinte documentación: 1. Escrito de Don Francisco Matín Moreno, representante de “France Telecom.. España, S.A.”, e no seu nome, Dº Natalia Cabezas García. 2. Cinco exemplares dun Anexo Técnico titulado “GESTIÓN AMBIENTAL”-



CONSIDERANDO que o aportado corresponde ó sinalado pola Consellería de Medio Ambiente para este tipo de actividades ó establecer “reparos técnicos”, así como a esixencia que plantea respecto á cuantificación das “emisións radioelétricas”, esíxese que se cuantifiquen estas emisións, (aínda que neste expediente quizás omitiuse por error, dado que sí se esixe para a instalación de Santa Cristina), Expte MA 962 A 2007/000142-3,

CONSIDERANDO que non se aporta o requerido no seu punto 2:” **Cumprimento do Real Decreto 1066/2001 e da Orde CTE/23/2002 que se refiren ás restriccións ás emisións radioelétricas e medidas de protección sanitarias fronte ás instalacións radioelétricas e medidas de protección sanitarias fronte ás instalacións radioelétricas. Ademais xustificárase o cumprimento do nivel esixido de emisións radioelétricas. A instalación disporá de autorizacións do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio antes da súa posta en funcionamento**”, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado do expediente completo ó Ministerio de Industria, Turismo e Comercio antes da súa posta en funcionamento.

LICENZA DEFINITIVA.-

“Visto o expediente tramitado a instancia de **Don Antonio Fernández Fernández**, con domicilio no Parque Empresarial de Ribadavia. Calle nº4, Parcelas 16 e 17, 1ªFase, desta Vila, para a concesión da Licenza de apertura duna Carpintería Industrial no inmovible sito no Parque Empresarial de Ribadavia. Calle nº4, Parcelas 16 e 17, 1ª Fase, desta Vila.

Cumpridos os trámites e requisitos esixidos polo Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas de 30 de Novembro de 1.961 e disposicións complementarias, para a legalización dunha actividade de Carpintería Industrial, no inmovible sito no Parque Empresarial de Ribadavia. Calle nº4, Parcelas 16 e 17, 1ªFase, desta Vila, para cuxa actividade tramitada de acordo co devandito regulamento e informado favorablemente pola Consellería de Sanidad, 17/10/2003, expte nº 01788/2003, e pola Consellería de Medio Ambiente, Expediente nº MA962 A 2003/000343-3 e unha vez presentado o Estudo de Medición de Ruidos, de 8-6-2005, con REF. 172/3300/26 nº01/05, e o Plan de Xestión de Residuos (apórtase a Resolución da Consellería de Medio Ambiente, Expediente: 2005-CU-00069 de inscrición como “pequeno produtor de residuos perigosos” co número: OU-RP-P-PP-00053), Informe de Aqualia do 23 de Febreiro de 2005, sobre a conexión das augas residuais, pluviais e abastecemento de augas, Informe favorable da C.M. DE G. de 1-12-03, otorgando a Licenza de Obra e actividade, e Anexo de fin das Obras, RE:5391, 24/11/2004, e outra documentación (Anexos diversos) , con Informe favorable do Arquitecto Técnico Municipal, tras a realización da correspondente visita de comprobación o 8 de Agosto do 2007, no que comproba que:

1. Respecto a urbanización no Informe do 10 de Maio do 2007, dicíase que “Falta plantación de césped na Área de Servizo”, e segue sen pranta-lo césped, e respecto ó resto da urbanización do parque, o seu aspecto é máis de abandono crecendo a maleza nesta área de servizo e demais espazos.
2. Concello deberá mellora-la estética da zona, desbrozando e eliminando a vexetación que surxe en lugares inadecuados, e determinar si ante esta



situación é proporcionado esixi-la prantación individual a cada parcela na súa zona frontal o se sería suficiente con que se manteña limpa e desbrozada a súa zona frontal.

3. Si foron pavimentadas as áreas de acceso á parcela.

Respecto as Obras Interiores, na pranta primeira aplicouse unha pintura anti polvo, opción que se deu como válida no Informe de 10 de Maio.

A Xunta de Goberno Local, no uso das facultades delegadas pola Alcaldía, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Conceder Licenza definitiva a Don Antonio Fernández Fernández, para a apertura dunha Carpintería Industrial, no Parque Empresarial, Calle 4, Parcelas 16 e 17, 1ª Fase, San Cristovo, desta Vila, cuxa eficacia será nula en tanto en canto non se aboe a correspondente Taxa pola apertura de establecementos que ascende, segundo a liquidación practicada polo Interventor do Concello, á contía de 244, 17 euros.

Segundo.- A expedición da correspondente licenza pola Secretaría do Concello, que servirá ao interesado como documentos acreditativo desta concesión.

Terceiro.- Comunicar o presente acordo ao interesado

CONDICIÓN S URBANÍSTICAS.-

Expte: 12/06/2007/2909-CU: Vista a solicitude de **Don Manuel Centrón González**, con domicilio na Carretera de Carballiño, San Cristóbal, Ribadavia no que interesa información urbanística aplicable a un inmovible sito en San Cristovo (Ref. Catastral 1341506 NG7814S0001WB), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal, de data 3.08.07, que literalmente di:

“O ordenamento urbanístico do Concello de Ribadavia corresponde ás NNSSM publicadas no BOP nº 66 de 23 de marzo de 1987, NCSPP que no seu carácter de aplicación corresponda, e publicadas no DOGA de 19 de xuño de 1991, así como o Estudo de Detalle San Cristovo Travesía, aprobado no Pleno o 2 de Novembro de 1993.

Este ordenamento supeditase á “Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”. DOGA nº.252 de 31 de decembro de 2002, modificada por a Lei 15/2004, de 29 de decembro; Lei 6/2007, de 11 de Maio, de Medidas Urxentes en materia de Ordeación do Territorio e do Litoral de Galicia, así como as disposicións concurrentes”

1. Para a parcela con Referencia Catastral 13.45.5-06, redactouse Informe de Condicións Urbanísticas o 22 de Abril de 2005, e o 15 de xuño de 2005, sendo igualmente o seu titular Don Manuel Centrón González.



2. As Condicións Urbanísticas aplicables estableceas a Ordenanza UMA USOS MIXTOS, GRADO A , Ordenanza 3.2.2, do E.D. Travesía San Cristobo e concurrintes das NNSSM.

3. Adxúntase co presente informe:

- I. Ordenanza 3.2.2. UM Usos Mixtos, Grado A. E.D.
- II. Ordenanza 3.1.6.3. Industrial E.D.
- III. Ordenanza 2.6. Uso Industrial, NNSSM.
- IV. Ordenanza 2.7. Uso Comercial, NNSSM.

Expte: 09/07/2007/3361-CU/211: Vista a solicitude de **Don Manuel Tabuada Bóveda**, con domicilio en A Grova, no que interesa información urbanística aplicable a un inmovible sito en As Chavolas (Ref. Castastral Polígono 28, Parcelas 550, 551 e Vivenda en ZU), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal, de data 1.08.07, que literalmente di:

“O ordenamento urbanístico do Concello de Ribadavia corresponde ás NNSSM publicadas no BOP nº 66 de 23 de marzo de 1987, e as NCSPP publicadas no DOGA de 19 de xuño de 1991.

A ubicación corresponde ó SOLO URBANO EN NÚCLEOS RURAIS, Ordenanza 4.11 reguladora deste solo.

Este ordenamento supeditase á “Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”. DOGA nº.252 de 31 de decembro de 2002, modificada por a Lei 15/2004, de 29 de decembro, Lei 6/2007 de 11 de Maio, de Medidas Urgentes en materia de Ordenación do Territorio e do Litoral de Galicia, así como disposicións concurrentes”.

A vivenda unifamiliar, así como as Parcelas sinaladas, están ubicadas no solo de núcleo rural das Chavolas.

1. Sendo posible a agrupación das parcelas nunca resultante.
2. Á vivenda unifamiliar de pranta baixa é de aplicación o Réxime de Fora de Ordeación, segundo establece o Artigo 103 “Edificios Fora de Ordeación”.

Calquer posible actuación deberase analizar respecto ó previsto no Art. 103, 104 e 25 “Tipos de Actuación”, da LOUGA, así como disposicións complementarias.

Son de aplicación os Artigos 24 e seguintes da LOUGA.

A alineación frontal e rasante, establecerase polo Ministerio de Fomento.



Únese co presente informe:

1. Art. 24 e ss da LOUGA.
2. Plano Oficial de N.R. a escala 1:5000
3. Plano Catastral.
4. Reportaxe fotográfico.

Expte: 12/07/2007/3442-CU: Vista a solicitude de **Dona Purificación de Castro Seoane**, con domicilio na Travesía Ribeiro, 2, 4ºC, Ribadavia, no que interesa información urbanística aplicable a un inmovible sito en A Cuenga- Sampaio (Ref. Catastral 12.29.3-05), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao Informe do Técnico municipal, de data 3.08.07, que literalmente di:

“O ordenamento urbanístico do Concello de Ribadavia corresponde ás NNSSM publicadas no BOP nº 66 de 23 de marzo de 1987, e no carácter de aplicación que lle corresponde as NCSPP publicadas no DOGA de 19 de xuño de 1991, así como o Estudo de Detalle Travesía cara a Sampaio, aprobado no Pleno o 31 de Xaneiro de 1996.

Este ordenamento supeditase á “Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”. DOGA nº.252 de 31 de decembro de 2002, modificada por a Lei 15/2004, de 29 de decembro, así como disposicións concorrentes. No sucesivo LOUGA.

1. O Planeamento Urbanístico anterior non foi adaptado á LOUGA, no prazo que regulamentariamente lle correspondía.

- 1.1 Corresponde a un solo urbán sen categorización expresa no documento urbanístico, establecéndose cesións que so son esixibles ó solo non consolidado, coa peculiaridade do E.D. de ser discrecional.
- 1.2 Na zonificación correspondente ó E.D., figura a Ordenanza 14.1., Ordenanza Residencial Aberta, RA-II-V, do correspondente E.D. Travesía cara Sampaio.

2. A Figura de Desenvolvemento non ten mais alcance que o sinalado pola Lei, e os Reglamentos que a desenvolven.
3. A zona carece no seu fronte dos Servizos de abastecimento e saneamento(extremos que deberán ser precisados pola Empresa Municipal de Augas), acera frontal, alumado público na posición de alineación oficial. Redes ou Infraestruturas incompletas ou insuficientes).

- 3.1. Zona con escasas edificacións e as existentes en fora de Ordeación e con un grado de consolidación inferior ó límite das dúas terceiras partes e por conseguinte terreos non integrados



na maia urbana. Isto en referencia ó sinalado polo Artigo 11- b) da LOUGA en correspondencia co R.P. R.D. 2159/1978 de 23 de Xuño.

4. Circunstancias que posicionan ós terreos da zona e en consecuencia á parcela con referencia catastral 12.29.3-11, como solo urban non consolidado, Art. 12-b), sendo de aplicación o seu Réxime urbanístico correspondente. Deberáñse utiliza-los instrumentos de xestión para a Reparcelación e Equidistribución, segundo establece a LOUGA e RGU.
5. As cesións que figuran no E.D. como de libre discreción municipal, en aplicación da LOUGA, a cesión será do 10% e de cesión obligatoria. Salvo mellor e mais fundado criterio.
6. Estarase ó que determinan a Disposición Transitoria Primeira e Segunda da LOUGA, así como a carta de Orden Oficial do Director Xeral de Urbanismo de data 14 de Marzo de 2006, R.E. nº 1187.
7. Sobre a Parcela de Referencia Catastral 12.29.3-11 e titular D^a Ana Luisa Peña González, constan Condicións Urbanísticas de data 30 de Novembro de 2001, RE nº 5433, para o que se aportou un plano a escala 1:200 e superficie bruta de 1912, 56 m².
8. Únese co presente informe:
 1. Cartografía E.D. TRAVESÍA CARA SAMPAIO, E 1:500
 2. Ordenanza 14.1.
 3. Plano Catastral

Expte: 18/07/2007/3559-CU/233: Vista a solicitude de **Dona María del Portal Freijido Pousa**, con domicilio na Rúa Linares Rivas, nº 44, 4^aA, en A Coruña, no que interesa información urbanística aplicable a un inmovible sito en Rúa de Carballiño, nº21-Ribadavia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal, de data 13.08.07, que literalmente di:

“O ordenamento urbanístico do Concello de Ribadavia corresponde ás NNSSM publicadas no BOP nº 66 de 23 de marzo de 1987, e no carácter de aplicación que lle corresponde as NCSPP publicadas no DOGA de 19 de xuño de 1991.

Este ordenamento supeditase á “Lei 9/2002, de 30 de Decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”. DOGA nº.252 de 31 de decembro de 2002, modificada por a Lei 15/2004, de 29 de Decembro, Lei 6/2007 de 11 de Maio, de



Medidas Urxentes en materia de Ordenación do Territorio e do Litoral de Galicia, así como disposicións concurrentes”.

1. En visita girada ó lugar de referencia, non foi localizado o número 21 ó que se refire a solicitude.
2. “O Polígono ou ámbito de planeamento no que se encontra incluído”, corresponde a solo urban, regulado pola Ordenanza 4.3. Residencial Mixta.
 - 2.1. Solo que corresponde ó que se identifica coa trama do círculo segundo a Cartografía Oficial, e “ Lenda Organización Espacial de Ribadavia”, NNSS, donde se establece a unidade territorial mínima.
 - 2.2. O aproveitamento previsto pola Ordenanza 4.3. Residencial Mixta, terase que establecer mediante o correspondente Estudo de Detalle supeditado á Lexislación Urbanística vixente.
3. Únese co presente informe:
 1. Plano Catastral E 1: 1.000”
 2. Plano Urbanístico, E 1:2000. NNSSM.
 3. Lenda Organización Espacial (Clasificación Solo).
 4. Ordenanzas:
 1. Ordenanza 4.3. Residencial Mixta.
 2. Ordenanza 4.1. Residencial Cerrada.
 3. Ordenanza 4.2. Residencial Aberta.
5. Reportaxe Fotográfica.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, toma coñecemento dos seguintes:

- “Da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia, en relación coa concesión da Licenza de Obras para acondicionamento de local para Oficina de Emprego, aprobada pola Xunta de Goberno Local, de data de 27 de Marzo de 2007, achéganse os nomeamentos de **D. Iván Andrés Mosquera Fuembuena**, como Director de Obra, e de **D. José Manuel Blanco Guimarey** como Director de execución de obra e Coordinador de seguridade e saúde”.

- “ Da Consellería de Cultura e Deporte, Resolución de data 20 de Xullo de 2007 do Director Xeral de Patrimonio Cultural, na que autoriza a realización de obras de reforzo da estrutura da cuberta e acondicionamento exterior da Igrexa Parroquial de San Cristovo de Regodeigón, no Concello de Ribadavia, presentada polo Bispo de Ourense”.



- “Da Secretaría Xeral de Comunicación, Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual, Resolución na que se concede á Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Ribadavia, a cantidade de 300 euros para a adquisición de equipamento audiovisual e multimedia”.

- “Da Secretaría Xeral de Comunicación, Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual, Resolución na que se concede á Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Ribadavia, a cantidade de 400 euros para crear medios de información electrónica (modalidade B- páxina web en galego na Internet).

- “Da Dirección Xeral de Turismo, notificación da concesión de subvención ó Concello de Ribadavia, con destino ó apoio das Festas Populares, (Feira do Viño), e outros eventos de contido turístico no ano 2007, en cumprimento da Resolución dictada pola Consellería de Innovación e Industria de 2 de Agosto de 2007”.

- “Da Secretaría Xeral de Igualdade, Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, Resolución pola que se concede a subvención solicitada ó abeiro da Orde do 12 de Marzo do 2007, por unha contía total de 1500 euros para o I Concurso de Carteis contra a violencia de xénero para alumnos/as de terceiro e cuarto da ESO e de primeiro e segundo de bacharelato”.

- “Da Dirección Xeral de Xuventude e Solidaridade, Secretaría Xeral do Benestar, notificación da Resolución pola que se concede unha subvención de 3867, 85 euros solicitada pola Entidade ó abeiro da Orde de 5 de Marzo de 2005, dirixida a Entidades de acción voluntaria para o fomento e realización de actividades de voluntariado”.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

En relación co decreto 34/1998, do 18 de decembro pola que se regulan ás iniciativas locais de emprego e o procedemento para a súa calificación e inscrición rexistral, e vista a solicitude formulada polo Proxecto de Iniciativa Local de Emprego ARCABRIA, representado por **DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ**, para que o Concello de Ribadavia o exima ou estableza unha bonificación nos tributos Municipais en concepto de axudas varias e a Consellería de Traballo poida subvencionala-lo dentro do Programa ILE. Tendo en conta que vén informado favorablemente polo Departamento de Promoción Económica, por unanimidade dos asistentes, a Xunta de Goberno Local, acorda conceder unha bonificación nos tributos locais participando na iniciativa local de Emprego representada por **DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ**, do proxecto empresarial ARCABRIA, e continua-la tramitación do devandito expediente.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-



Concello de Ribadavia

E sendo as dúas e media do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.